

**M^a JESÚS ÁLVAREZ SÁNCHEZ, PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE
BIBLIOTECARIOS MUNICIPAIS DE GALICIA**

Dacordo co oficio enviado a esta Asociación, referente ao proxecto de *Decreto polo que se aproba o regulamento de composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia*, facemos as seguintes observacións:

- Alegrámonos profundamente da inclusión de bibliotecarios municipais dentro do Consello. Vella reivindicación por parte desta Asociación, que cremos fundamental debida conta de que as bibliotecas municipais supoñen a maioría das bibliotecas de Galicia e que nestes tempos están desenvolvendo unha actividade moi importante como dinamizadores da vida cultural dos concellos, con moito esforzo e adicación.
- Esperamos que a Fegamp cumpra con obxetividade a proposta de selección do bibliotecario municipal para facer as mellores aportacións a este Consello.
- Dudamos de que os informes do Consello ao non ser vinculantes, queden un pouco en papel mollado polo que daremos unha marxe de confianza ao respecto para que realmente teña un papel efectivo e non meramente consultivo.
- Polo demais, o regulamento o encontramos xenérico polo que non vemos máis aportacións ao mesmo, que a súa aplicación o máis correcta posible.

Entendemos que é importante ter todos os puntos de vista á hora de desenvolver a política bibliotecaria en Galicia e que a figura do bibliotecario municipal conte á hora da toma de decisións, por ser a figura principal dentro da nosa rede de bibliotecas.

Creemos importantísimo a procura do mellor Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia como peza fundamental para acadar os estándares que todos precisamos.

Polo demais, non temos, en principio, nada máis que obxectar.

Atentamente, reciba un cordial saúdo.

En Foz, 6 de agosto de 2013



Asociación Profesional de Bibliotecarios
Municipais de Galicia

A Presidenta

M^a Jesús Álvarez Sánchez

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SECRETARIO XERAL DE CULTURA

ANXO M. LORENZO SUÁREZ